

FICHA DE LECTURA - NOVELA

DATOS DO ALUMNO/A:

APELIDOS: _____ NOME: _____

DATA: _____ AVALIACIÓN: _____ CURSO: _____

FICHA BIBLIOGRÁFICA:

AUTOR: _____

TÍTULO: _____

EDITORIAL: _____

ANO:

Nº de PÁXINAS:

RESEÑA DA OBRA

1. **TEMA DO TEXTO:** Débese responder en 2,3 liñas a pregunta: Sobre que trata o libro? Non debes confundir temática con argumento.
2. **ARGUMENTO:** Resume da historia. Síntese dos asuntos máis importantes do libro: **30 liñas** aproximadamente. Resúmeo precisando ben o inicio, o nó e o desenlace.
3. **ESTRUTURA:** Hai algún aspecto que destacar no libro? *saltos de tempo, tipo de narrador, narración en paralelo, narrador múltiple, inicio in media res, final aberto, a estrutura dos capítulos, etc.*
4. **O TEMPO:** Canto tempo dura a acción desde o principio ata o desenlace? En que datas (se é que hai referencias) e en que época ten lugar a historia?
5. **O LUGAR:** En que lugar ou lugares transcorre a historia? Descríbeos e explica que importancia teñen no desenvolvemento da acción.
6. **DESCRIPCIÓN FÍSICA E PSICOLÓXICA DOS PRINCIPAIS PERSONAXES.** Como están caracterizados os personaxes: como son fisicamente, que fan, que din, que pensan, que din outros personaxes deles, que nos conta o narrador deles... Pon exemplos extraídos do libro.
7. **IDEAS MÁIS IMPORTANTES DO TEXTO E VALORES QUE DESTACA:** exemplos: *a solidariedade, a liberdade, o valor da familia, a amizade, a falta de sinceridade nas relacións persoais, o colonialismo cultural, a deshumanización da sociedade...* Ten en conta que poden presentarse varias temáticas nunha mesma novela.
8. **LINGUAXE DO LIBRO E ESTILO:** *estilo sinxelo, de frases curtas e pouca adxectivación, barroco, predomina a descrición sobre a narración, non hai apenas descrições, que tipo de diálogos son os predominantes (estilo directo, indirecto, estilo indirecto libre, monólogo interior, soliloquios...* Analízao e pon algún exemplo.
9. **VOCABULARIO:** Anota 10 palabras que non entendes e explica o seu significado poñendo un exemplo de uso.

10. OPINIÓN PERSOAL E XUSTIFICADA:

- a) Que che gustou e que non do libro? Por que?,
- b) Correspóndese o título co contido? Xustifica a túa resposta. Propón outro título.
- c) Que personaxe che resultou máis interesante? Por que?
- d) Pareceche unha historia crible ou hai situacións que che parecen incoherentes? Non respondas cun *si* ou un *non*, xustifica a resposta.
- e) Cal é a escena que máis che gustou? Por que?
- f) Non entendín ?
- g) Como che gustaría que acabase a historia? Propón un final alternativo
- h) Gustaríame recordar as frases ...
- i) Recomendaría/non recomendaría este libro por

Para elaborar a ficha tes que responder necesariamente as cuestións 1, 2 e 10 (a 10 completa) e ademais tes que escoller outras 2 máis.

PUNTUACIÓN DO LIBRO

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----